



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 3 de novembro de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

18.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DE INTERÉS TURÍSTICOS NO ANO 2023. Expte. 8463/104.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de 02/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 02/11/2023, asinado pola técnica de actividades turísticas e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

Con data 17/04/2023 aprobouse a iniciación dun expediente administrativo para a redacción e aprobación de "BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DE INTERÉS TURÍSTICOS NO ANO 2023"

A Xunta de Goberno Local aproba, en sesión ordinaria de 5 de maio de 2023, as " BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE "SUBVENCIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS CON FINES DE INTERESE TURÍSTICO NO ANO 2023". EXPTE. 8463/104" que con posterioridade, o 15 de maio, foron publicadas no BOPPO (núm. 92).

Establece a cláusula terceira que a cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 90.000,00€ (noventa mil euros) e segundo a cláusula oitava, unha vez valorados os criterios de puntuación de todas as solicitudes, estas ordenaranse de maior a menor a puntuación obtida, outorgándose a subvención en rigorosa orde de prelación, ata esgotar o crédito existente.

II. AMPLIACIÓN DO PLAZO DE XUSTIFICACIÓN.

A cláusula decimo quinta das bases da xustificación das subvención, establece que "As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 6 de novembro de 2023 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos."

O artigo 70 do RLXS dispón que << 1. *El órgano concedente de la subvención podrá otorgar, salvo precepto en contra contenido en las bases reguladoras, una ampliación del plazo*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 15:16	Páxina 1 de 2
SUBVENCIONS	CSV: A3AA5A-B1A137-E92B44-YSWXM8-B6DB2Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

establecido para la presentación de la justificación, que no exceda de la mitad de mismo y siempre que con ello no se perjudiquen derechos de tercero.

2. Las condiciones y el procedimiento para la concesión de la ampliación son los establecidos en el artículo 49 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común>>

Así mismo o artigo 32 da LPAC vixente dispón << 1. La Administración, salvo precepto en contrario, podrá conceder de oficio o a petición de los interesados, una ampliación de los plazos establecidos, que no exceda de la mitad de los mismos, si las circunstancias lo aconsejan y con ello no se perjudican derechos de tercero. El acuerdo de ampliación deberá ser notificado a los interesados.

(..)>>

En base ao exposto, a nova data límite de xustificación da subvención respecta o sinalado no punto 38.11 de bases de execución do orzamento do Concello de Vigo dispón que "as bases da convocatoria terán que regular a xustificación das axudas no mesmo ano no que se outorgan, o prazo de xustificación non será despois da segunda semana do mes de novembro..>>

E por isto que non habéndose adoptado acordo de concesión das subvención considerase conforme ao interese xeral a ampliación do prazo de xustificación de subvencións ata o día 07/12/2023 non advertíndose que coa mesma se prexudiquen intereses a terceiros.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- Ampliar o prazo da xustificación da subvención, ata o 7 de decembro de 2023 (incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/07/2024 15:16	Páxina 2 de 2
SUBVENCIONS	CSV: A3AA5A-B1A137-E92B44-YSWXM8-B6DB2Y-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		